



SESION ORDINARIA
DO PLENO DA CORPORACION
CORRESPONDENTE O DIA 3 DE XULLO DE 2.017

No salón de Sesións da Casa do Concello de A Mezquita, sendo ás vinte e unha horas do día tres de xullo de dous mil dezasete, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Rafael Pérez Vázquez, coa *asistencia* dos Sres. Concelleiros D. Antonio Blanco Martínez, D. Jose Antonio Carracedo Ramírez e D^a María Teresa Pereira Quintas, coa *ausencia* dos Sres. Concelleiros D. Juan Santiago González Rodríguez, D. Francisco José Montesinos Rodríguez, D. Jose Luis Rodríguez Alonso, D. Santos Piornedo Piornedo e D. Jesús Río Piornedo; actuando como Secretario da Corporación, D. Antonio Mosquera Rodríguez, REUNIUSE o Pleno da Corporación deste Concello, ó obxecto de celebra-la Sesión Ordinaria en primeira convocatoria.

O Sr. Presidente declara aberta a sesión que se desenrola dacordo co seguinte orde do día:

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Por unanimidade dos asistentes aprobouse a acta da Sesión anterior correspondente á celebrada o día 5 de xuño de 2017.

2º.- PLAN ECONÓMICO FINANCIERO 2017

De seguido dase conta ó Pleno Municipal do Plan Económico Financiero redactado para dar cumprimento ó establecido o artigo 21.1 da Lei orgánica 2/2012 de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, plan que literalmente di:

PLAN ECONÓMICO FINANCIERO. 2017
CONCELLO DE A MEZQUITA.

I. FUNDAMENTO DA PRESENTACIÓN DO PLAN

De acordo co disposto no artigo 21.1 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de Abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, no caso de incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, do obxectivo de débeda pública ou da regra de gasto, a Administración incumplidora formulará un Plan Económico-Financiero que permita durante o ano en curso e o seguinte, o cumprimento dos obxectivos ou da regra de gasto.

En cumprimento do disposto no artigo 191.3 do Texto Refundido da lei Reguladora das Facendas Locais e no artigo 90 do RD 500/1990 que desenvolve a anterior en materia de presupostos, apróbase a liquidación do orzamento do Concello de A Mezquita correspondente ao exercicio 2016 acompañada dos preceptivos informes da intervención, poñéndose de manifesto o incumprimento por parte do Concello da regra de gasto. Do informe de cumprimento da regra de gasto resulta unha diferenza entre o límite da regra de gasto e o gasto computable efectivamente realizado no exercicio 2016 de 57.663,96€, de exceso sobre o límite establecido. Ante esta situación de incumprimento da regra de gasto o presente Plan Económico Financiero.

ÁMBITO SUBXECTIVO:

O presente Plan Económico Financiero pretende corrixir a situación de da regra de Gasto consolidada dos seguintes entes :

- A. Axentes que constitúen a Administración Local.
Entidade Local: Concello de A Mezquita
Organismos Autónomos: Non existen



Entes públicos dependentes que presten servizos ou produzan bens que non se financian maioritariamente con ingresos comerciais: Non existen.

B. Resto de entidades públicas empresariais, sociedades mercantís e demais entes dependentes das Entidades Locais, en virtude do artigo 2.2 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Sociedades Mercantís: Non existen

OBXECTIVOS:

Os obxectivos que se pretenden obter co presente Plan Económico Financeiro son que, o Concello de A Mezquita alcance uns niveis de cumprimento das magnitudes económico financeiras que permitan valorar positivamente a situación económica da Corporación.

A tal fin, débese conseguir que:

- Aforro Neto da entidade sexa positivo
- Remanente de Tesourería da entidade sexa positivo.
- Resultado Orzamentario da entidade sexa positivo
- O Nivel de Endebemento consolidado non supere os límites marcados legalmente para cada exercicio.
- A Estabilidade Orzamentaria consolidada ofrécenos unha situación de Superávit ou de Capacidade de Financiamento.
- Cúmprase coa Regra de Gasto

Para lograr isto, é necesario a elaboración do presente Plan que se estruturará nas seguintes fases:

1ª Fase: Diagnóstico da Situación Actual: onde se analicen as magnitudes descritas e outras que se consideren pertinentes para detectar cal é o motivo do incumprimento das Regras Fiscais.

2ª Fase: Estratexias de Actuación e medidas a adoptar: propóñense as principais medidas que se pretenden levar a cabo para corrixir a situación e débese cuantificar o efecto que ditas medidas terán sobre a economía da entidade. Sinálanse os obxectivos a lograr coa aplicación do Plan en relación coa Capacidade/Necesidade de Financiamento, Límite de Gasto e Nivel de Débeda.


3ª Fase: Posta en marcha do Plan Económico Financeiro; nesta fase téñense que levar á práctica as medidas propostas e desenvolvidas na fase anterior conforme o calendario de actuación que se aprobe.

4ª Fase: Control e Seguimento do Plan. O control será realizado polo órgano de Tutela financeira a través dos Informes de Intervención trimestrais, semestrais ou anuais (de aprobación do Orzamento, Liquidación do Orzamento, Obrigacións Trimestrais, etc) nos que se poña de manifesto si están a cumprirse os obxectivos marcados no propio Plan. Nos casos en que os incumprimentos que se pretendían emendar mantéñanse, procederase á revisión das medidas de acción do Plan, á adopción de medidas novas e á reformulación do presente Plan Económico Financeiro.

II. PRIMEIRA FASE: DIAGNOSTICO ECONÓMICO FINANCEIRO DA SITUACIÓN ACTUAL

Para levar a cabo esta análise, partimos da información económica dos entes incluídos no ámbito subxectivo da Liquidación, Conta Xeral, estado de Orzamentos Cerrados dos últimos catro exercicios.

1. Evolución do remanente líquido de tesourería.



	2013	2014	2015	2016
1. Fondos líquidos de tesourería	211.443,92	189.035,15	131.124,11	181.546,91
2. Dereitos pendentes de cobro	401.852,24	410.568,58	436.666,90	534.951,53
3. Obrigas pendentes de pago	241.959,04	106.745,18	181.826,56	222.051,11
4. Remanente de tesourería total (1+2-3)	371.337,12	492.858,55	500.728,35	494.447,33
5. Provisión para insolvencias	0	0	0	
6. Remanente para gastos con financ. afectado	0	0	0	
7. Remanente para gastos xerais (4-5-6)	149.159,70	236.407,18	216.229,43	479.673,75(1)

(1): 494.447,33-14.773,58 (Pte. Aplicar).....479.673,75

2. Evolución do resultado presupostario.

	2013	2014	2015	2016
1. Dereitos recoñecidos netos	782.098,59	776.823,59	789.189,86	806.534,89
2. Obrigas recoñecidas netas	744.625,34	656.102,16	781.678,59	783.380,18
3. Resultado antes de axustes (1-2)	37.473,25	120.721,43	7.511,27	23.154,71
4. Gastos financiados con remanente líquido	39.989,87	0,00	0,00	181.530,00
5. Desviacións negativas	0,00	0,00	0,00	0,00
6. Desviacións positivas	17.000,00	0,00	0,00	143.906,14
7. Resultado axustado (3+4+5-6)	60.463,12	120.721,43	7.511,27	13.403,47

3. Evolución da estabilidade orzamentaria en termos presupostarios.

3.1.- Saldo non financeiro.

	2013	2014	2015	2016
1. Dereitos recoñecidos netos (Cap. 1 ó 7)	777.032,84	768.765,16	762.492,81	957.245,58
2. Obrigas recoñecidas netas (Cap. 1 ó 7)	688.660,06	635.927,16	761.833,77	938.254,29
3. Saldo non financeiro (1-2)	88.372,78	132.838,00	659,04	18.991,29

3.2.- Saldo financeiro.

	2013	2014	2015	2016
1. Dereitos recoñecidos netos (Cap. 8)	0,00	0,00	0,00	0,00
2. Obrigas recoñecidas netas (Cap. 8)	0,00	0,00	0,00	0,00
3. Dereitos recoñecidos netos (Cap. 9)	-5.065,75	-8.085,43	0,00	115.552,85
4. Obrigas recoñecidas netas (Cap. 9)	55.965,28	20.175,00	19.844,82	158.764,58
5. Saldo financeiro (2-1-3+4)	50.899,53	12.109,57	19.844,82	274.317,38



4. Evolución do superávit / déficit de financiamento presupostario.

	2.013	2.014	2.015	2.016
1. Ingresos correntes (Cap. 1 ó 5)	702.108,40	737.763,16	770.492,81	806.534,89
2. Gastos correntes (Cap. 1 ó 4)	603.482,99	594.627,16	761.833,77	783.380,18
3. Aforro bruto (1-2)	98.625,41	143.136,00	8.659,04	23.154,71
4. Ingresos de capital non financ (Cap. 6 e 7)	74.837,32	30.975,00	0,00	150.710,69
5. Gastos de capital non financ (Cap. 6 e 7)	85.177,07	41.300,00	0,00	154.874,11
6. Ingresos non financeiros (1+4)	776.945,72	768.738,16	770.492,81	957.245,58
7. Gastos non financeiros (2+5)	688.660,06	635.927,16	761.833,77	938.254,29
8. Superávit ou déficit non financeiro (6-7)	88.285,66	132.811,10	8.659,04	18.991,29

¶

5. Investimentos.

6.1.- Evolución dos investimentos.

	2013	2014	2015	2016
1. Investimentos (Cap. 6)	85.177,07	41.300,00	0,00	154.874,11

6. Endebedamento.

Evolución do importe do endebedamento (obrigas recoñecidas netas no exercicio), non coincidindo as mesmas coa realidade, xa que se actuaba co presuposto prorrogado e no exercicio de 2016 imputáronse cantidades que estaban pendentes de aplicar o orzamento.

	2013	2014	2015	2016
1. Endebedamento a longo prazo	55.965,28	20.175,00	19.844,82	158.764,53
2. Endebedamento a curto prazo	0,00	0,00	0,00	0,00
3. Endebedamento total (1+2)	55.965,28	20.175,00	19.844,82	158.764,53

7. Operacións pendentes de aplicar ó presuposto. (en base a documentación remitida a oficina virtual de entidades locais)

	2013	2014	2015	2016
1. Saldo contable da conta 413	0,00	68.332,72	129.537,48	67.228,99

8. Análise dos ingresos correntes.

8.1.- Ingresos correntes 2016. Importancia relativa.

	Dereitos Recoñecidos Netos	% sobre D.R.N. Totais
Capítulo 1. Impostos directos	116.210,91	14.41 %
Capítulo 2. Impostos indirectos	9.840,62	1.22 %
Capítulo 3. Taxas e outros ingresos	87.190,09	10.81%
Capítulo 4. Transferencias correntes	593.258,80	73.56%
Capítulo 5. Ingresos patrimoniais	34,47	0,0042%
TOTAIS	806.534,89	100%



8.2.- Evolución no período 2013-2016.

	2013	2014	2015	2016
Capítulo 1. Impostos directos	111.334,83	115.926,18	113.767,65	116.210,91
Capítulo 2. Impostos indirectos	9.847,25	8.072,94	5.791,41	9.840,62
Capítulo 3. Taxas e outros ingresos	57.024,68	57.755,82	61.302,21	87.190,09
Capítulo 4. Transferencias correntes	534.033,14	572.027,99	589.385,33	893.258,80
Capítulo 5. Ingresos patrimoniais	87,12	151,09	246,21	34,47
TOTAIS	702.195,52	737.763,16	721.954,84	806.534,89

III. SEGUNDA FASE: ESTRATEXIAS DE ACTUACIÓN E MEDIDAS A ADOPTAR.

Para definir con precisión as variables e medidas que nos permitan proxectar as cifras no Plan Económico Financeiro para este período, establécense este posible Escenario:

Partimos dun escenario de leve recuperación económica que supomos que se plasmará nun mantemento ou un incremento suave da actividade económica no ente local o cal suporá un mantemento do nivel de ingresos locais e un incremento na prestación dos servizos públicos derivados do incremento de solicitudes disto.

Canto aos gastos partimos do mantemento das restricións nesta materia, tanto para gastos de persoal como para outro tipo de gastos, derivados das leis de orzamentos xerais do estado e das restricións derivadas do cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria (Regra de Gasto, Teito de Gasto, Estabilidade e Sustentabilidade Financeira).

ORZAMENTO APROBADO PARA O EXERCICIO 2017 .

ESTADO DE GASTOS		ESTADO DE INGRESOS	
CAPÍTULOS	IMPORTE	CAPÍTULOS	IMPORTE
Capítulo 1	312.693,06 €	Capítulo 1	147.500,00 €
Capítulo 2	203.065,05 €	Capítulo 2	10.000,00 €
Capítulo 3	14.000,00 €	Capítulo 3	71.200,00 €
Capítulo 4	38.000,00 €	Capítulo 4	459.568,11 €
Capítulo 5	10,00 €	Capítulo 5	1.000,00 €
OP.CORRIENTES	567.768,11 €	OP.CORRIENTES	689.268,11 €
Capítulo 6	26.000,00 €	Capítulo 6	0,00 €
Capítulo 7	0,00 €	Capítulo 7	1.000,00 €
Capítulo 8	0,00 €	Capítulo 8	0,00 €
Capítulo 9	96.500,00 €	Capítulo 9	0,00€



OP.CAPITAL	122.500,00€	OP.CAPITAL	1.000,00€
TOTAL GASTOS	690.268,11€	TOTAL INGRESOS	690.268,11 €

ESTADO DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO A 31/05/2017.

ESTADO DE GASTOS

CAPÍTULOS	Créditos iniciais	Modificaci.	Créditos totais	Obrigas recoñecidas	Pagos líquidos
Capítulo 1	312.693,06	16.631,02	329.324,08	123.030,93	123.030,93
Capítulo 2	203.065,05	0,00	203.065,05	28.160,32	28.160,32
Capítulo 3	14.000,00	0,00	14.000,00	5.201,18	5.201,18
Capítulo 4	38.000,00	0,00	38.000,00	0,00	0,00
Capítulo 5	10,00	0,00	10,00	0,00	0,00
OP.CORRENTE	567.768,11	16.631,02	584.399,13	156.456,91	156.456,91
Capítulo 6	26.000,00	0,00	26.000,00	0,00	0,00
Capítulo 7	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Capítulo 8	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Capítulo 9	96.500,00	0,00	96.500,00	42.966,57	42.966,57
OP.CAPITAL	122.500,00	0,00	122.500,00	42.966,57	193.829,25
TOTAL	690.268,11	16.631,02	706.899,13	199.423,48	199.423,48

ESTADO DE INGRESOS



CAPÍTULOS	Previsións iniciais	Modificac.	Previsións definitivas	Dereitos netos	Recadación líquida
Capítulo 1	147.500,00	0,00	147.500,00	7.359,49	7.359,49
Capítulo 2	10.000,00	0,00	10.000,00	1.314,63	1.314,63
Capítulo 3	71.200,00	4.157,80	75.357,80	15.674,31	15.674,31
Capítulo 4	459.568,11	0,00	459.568,11	132.565,71	132.565,71
Capítulo 5	1.000,00	0,00	1.000,00	0,00	0,00
OP.CORRENTES	689.268,11	4.157,80	693.425,91	149.729,66	149.761,66
Capítulo 6	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Capítulo 7	1.000,00	0,00	1.000,00	0,00	0,00
Capítulo 8	0,00	181.530,00	181.530,00	0,00	0,00
Capítulo 9	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
OP.CAPITAL	1.000,00	0,00	1.000,00	0,00	0,00
TOTAL	690.268,11	4.157,80	694.425,91	149.729,66	149.761,66

C. MEDIDAS E CUANTIFICACIÓN.

Ante esta situación de incumprimento, na liquidación do orzamento do exercicio 2016, da regra de gastos propónse a seguintes actuacións:

1ª.- Dado o avanzado do exercicio económico de 2017, reduciranse gastos no vixente orzamento de gastos por importe de //31.000,00//, nas partidas que a continuación se relacionan:

- CAPÍTULO II-IX:

<u>PARTIDAS</u>	<u>IMPORTE</u>
<u>011.91300</u>	<u>21.500,00</u>
<u>161.22100</u>	<u>6.000,00</u>
<u>163.22103</u>	<u>1.000,00</u>
<u>920.22200</u>	<u>1.000,00</u>
<u>920.22699</u>	<u>1.500,00</u>
<u>SUMA TOTAL</u>	<u>31.000,00</u>



TOTAL AFORRO DAS MEDIDAS ano 2017: Ascende o aforro no presente exercicio a cantidade de //31.000,00// euros.-

2ª. No exercicio económico de 2017, propónse unha redución no orzamento de gastos pola diferenza existente entre a redución do presente exercicio e a cantidade incumprida na regra de gasto, estimándose que será factible dita redución debido a un aumento sustancial na recadación por IBI e a diminución dos gastos de amortización do principal de préstamos como consecuencia do acordo para aplazar o préstamo suscrito para pago a provedores.

Con estas premisas, as medidas de redución dos orzamentos de gastos para o 2017 e para o 2018 deberán centrarse fundamentalmente no capítulo II, e no exercicio de 2017 tamen no IX, xa que se manterá en vigor a deuda aplazada para pago a provedores o que supora unha diminución de aproximadamente CINCUENTA E DOUS MIL euros.

E. CONCLUSIÓNS DA PROXECCIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS

De acordo ao establecido na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira no seu artigo 21, en caso de incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, do obxectivo de débeda pública ou da regra de gasto, o Concello debe formular un plan económico-financeiro que permita durante o ano en curso e o seguinte, o cumprimento dos obxectivos ou da regra de gasto.

Das medidas propostas e da análise detallada da súa repercusión económico-financeira dedúcese que se pode alcanzar o obxectivo de estabilidade marcado, cumprindo o prazo establecido pola normativa citada para reducir o orzamento, mantendo o cumprimento do equilibrio orzamentario e sen menoscabo da prestación dos servizos básicos.

III. TERCEIRA FASE: EXECUCIÓN DO PLAN ECONOMICO-FINANCIERO

Unha vez deseñadas as medidas económicas a adoptar, así como a súa proxección económica, e fixados os obxectivos a alcanzar coas mesmas, faise necesario formular un calendario de actuación para a súa aprobación polo órgano competente así como a identificación da autoridade pública responsable para a súa posta en marcha e aplicación.

Polo que respecta ás medidas previstas no orzamento de gastos, os acordos de non dispoñibilidade nas partidas dos Capítulos **II e IX (no vixente exercicio) e II e IX (no exercicio de 2018)** aprobarase polo Pleno Municipal ca aprobación do presente documento.

IV. CUARTA FASE: CONTROL E SEGUIMIENTO DO PLAN

Unha vez aprobado o Plan e posto en marcha as medidas propostas no mesmo é necesario que se proceda a comprobar periodicamente que estas nos permiten alcanzar os obxectivos marcados.

Ditas comprobacións realizaranse pola Intervención municipal con ocasión do cumprimento das obrigacións trimestrais de remisión de información por parte do Concello ao Ministerio de Facenda. Dos citados informes darase conta ao Pleno do Concello e aos órganos encargados da execución do mesmo para que adopten as medidas complementarias que sexan necesarias para alcanzar os obxectivos marcados polo Plan. As comprobacións realizaranse tamén pola Intervención municipal con ocasión da aprobación da Liquidación do Orzamento de cada exercicio económico no que se analizará o cumprimento dos obxectivos de Estabilidade Orzamentaria, Regra de Gastos e Nivel de Débeda.

a) Si no devandito informe apréciase cumprimento dos obxectivos marcados darase por finalizado a execución do Plan Económico Financeiro.

b) Si no devandito informe apréciase INCUMPRIMENTO dalgúns dos obxectivos marcados remitirase ao Pleno para que nos prazos que marca a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira procedase á súa revisión e aprobación coas medidas complementarias necesarias para alcanzar os obxectivos legalmente establecidos.

A Mezquita, a 19 de xuño de 2017.-



Á vista do contido do plan o Pleno Municipal por unanimidade dos membros asistentes ACORDA:

- 1.- Prestar aprobación ó Plan Económico Financeiro, redactado como consecuencia do incumprimento da regra do gasto na liquidación do orzamento do 2016.
- 2.- Dar cumprimento ó establecido segundo o artigo 23 da mentada Lei Orgánica 2/2012.

3º.- MOCIÓNS

O Alcalde-Presidente do Concello de A MEZQUITA, ao abeiro da lexislación vixente, presenta as seguintes mocións:

3.1 MOCIÓN SOBRE O PLAN DE MELLORA DOS CAMIÑOS RURAIS

A Consellería do Medio Rural ven de comunicar aos concellos as previsións de investimento a través do denominado "Plan marco de mellora dos camiños rurais" para o período 2017-2018.

Segundo a información trasladada á FEGAMP desde a propia Consellería, a través da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural, dito Plan conta cunha dotación de 15.998.673 euros para dito período de dous anos, a distribuír entre os concellos do país.

A dotación consignada supón unha redución importante na dotación de recursos para levar adiante, en colaboración cos concellos, investimentos necesarios no medio rural de Galiza.

Así, fronte ao antecedente inmediato, o Plan marco de mellora de camiños rurais para 2016, que contaba cunha dotación para un ano de 19.998.100 euros, redúcense os fondos dispoñíbeis en máis dun 60 por 100. A Consellería do Medio Rural recorta a asignación indicativa de 13 euros por habitante de 2016, ao pasar agora a 10 euros por habitante para o período bianual, isto é, 5 euros por habitante e ano.

Esta redución deixa ás claras que o medio rural, os investimentos para a súa mellora e desenvolvemento non son a prioridade do Goberno do Partido Popular en Galiza, pois relega investimentos destinados a actuacións que inciden directamente na mellora dos equipamentos e infraestruturas no medio rural, que potencian directamente a base produtiva do agro galego. Dese xeito, con esta política de diminución dos fondos achegados aos concellos para a investimentos no rural, o Partido popular rexeita manter o necesario esforzo na dotación de fondos públicos para dignificar e mellorar a calidade de vida das persoas que viven no medio rural no noso país e que además contribúen a corrixir os desequilibrios territoriais e a fixar poboación no rural.

Esta evolución negativa de fondos para o rural está inserida no desleixo que o Goberno da Xunta de Galiza amosa polo sector agrario no seu conxunto. As consecuencias desa falta de atención polas políticas rurais xa se denunciaron cando o Goberno presidido por Feijoo aceptou un notable recorte nos fondos do Programa de Desenvolvemento Rural 2014-2020 de Galiza, que conta cunha dotación económica un 20 por 100 inferior ao ornamento inicial do Programa do período precedente 2007-2013.

As comunicacións realizadas aos Concellos coa asignación concreta desvendan a propaganda do Goberno galego, pois a dotación para cada ente local reflicte unha mingua de fondos que en moitos casos terán que presentar proxectos despezados, obras menores, investimentos aillados que non responden a unha estratexia para desenvolver o medio rural galego no camiño de contribuír a frear a actual tendencia.

Por todo iso, o Grupo do BNG, presenta a seguinte moción para o seu debate polo Pleno da Corporación.



O Pleno do Concello de A Mezquita acorda:

1º.- Instar ao Goberno Galego a:

- a) Incrementar a dotación do Plan marco de camiños rurais cos concellos.
- b) Dotar dito Plan dun ornaménto plurianual, que asegure investimentos de xeito sostido e progresivo en colaboración cos concellos.

2º.- Trasladar este acordo ao Presidente do Goberno Galego.

Á vista do contido da presente moción o Pleno Municipal por unanimidade dos asistentes acorda facer súa, en tódolos seus termos, ante dita moción.

3.2 MOCIÓN BNG POLO TRASPORTE PÚBLICO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En marzo do ano 2016 o TS anulaba as concesións de transporte público aprobadas pola Xunta en 2010. A razón da anulación foi que a decisión da Xunta ía en contra da normativa europea, que prohíbe contratos de concesión por máis de 10 anos. Naquela altura, comezos de 2010, a Xunta ampliou as concesións por 10 anos desde o remate dos contratos, tanto no caso do transporte escolar como nas liñas de transporte regular.

Era unha situación que se vía vir, mais a Xunta deixou pasar o tempo sen facer nada. Foron 6 anos perdidos, nos que houbo a posibilidade de traballar nun plan alternativo. O PP preferiu deixar pasar o tempo e agardar acontecementos.

Como consecuencia da sentenza chegaron as présas, as improvisacións:

- En xullo de 2016 o Goberno galego aproba a lei de medidas urxentes para a actualización do sistema de transporte público de Galiza (Lei 10/2016). En virtude desta lei, as empresas renunciaron a aproximadamente o 50% dos contratos de transporte público: de 143, renunciaron 77. O maior número de renuncias producíronse en Lugo e en Ourense.

Lugo: 24 renuncias dun total de 34 contratos, o 73% (48 de 76 liñas, o 63%).

Ourense: 24 renuncias dun total de 26 concesións, o 92% (48 de 76 liñas, o 81%).

A Coruña: 14 de 46 (122 de 246 liñas, o 50%).

Pontevedra: 15 de 38 liñas, o 39% (129 de 309 liñas, o 42%).

No conxunto de Galiza, 578 liñas renunciadas dun total de 817 (o 71%).

- En marzo de 2017, vía lei de acompañamento dos orzamentos, aprobáronse as normas para a Ordenación do sistema de transporte público regular de viaxeiros. De novo a improvisación, pola que se refixo e completou a lei que só levaba 6 meses en vigor. Esta norma aprobada vía lei de orzamentos tiña dous obxectivos:

a) regular o procedemento de contratación das concesións ás que houbo renuncias, para que poidan estar adxudicadas antes de agosto de 2017, establecendo un procedemento negociado e a posibilidade de adxudicación directa se é necesario. Tamén a posibilidade de modificar unilateralmente contratos en vigor, para adaptalos a novas circunstancias. Neste caso, a administración ten que indemnizar á concesionaria.

b) Darlle cobertura á integración do transporte escolar e ao transporte regular de liñas concesionadas. Isto posibilita en teoría a ampliación de percorridos e horarios das liñas do transporte escolar, unha situación que non é nova pois xa se viña dando en zonas rurais (tes+bus).

Tamén se inclúe a idea de desenvolver experiencias piloto de transporte a demanda.

Coa finalidade de gañar tempo para facer fronte a unha situación que se tiña que ter afrontado moito antes, o goberno de Feijoo está a desenvolver o Plan de Transporte Público de Galiza (PTPG).

En realidade neses momentos está nunha primeira fase de parcheo, de provisionalidade, de experimentación. Para esta primeira fase de parcheo, a Xunta contratou os estudos zonais a empresas consultoras, por unha cantidade de 850.000 euros. Foron varios



contratos con varias empresas, que fixeron estudos e propostas por zonas. (Os estudos foron adxudicados a consultoras que non teñen coñecemento da realidade do noso país. O que pode funcionar en Castela León non ten por que dar bo resultado aquí).

Debido ás presas (mes de agosto como data límite para substituír as concesións renunciadas)*, o proceso foi precipitado, escurantista e moi pouco participativo.

Estamos ante un tema de grande transcendencia que se está xestionando desde a Xunta do PP con unha absoluta falta de información. As présas e a precipitación non permitiron levar a cabo un proceso transparente e participativo.

Os concellos non tiveron coñecemento da proposta final, que foi comunicada a través da prensa e do DOG. O lóxico sería que puidesen formular alegacións e achegas antes da presentación pública. Non se consultaron representantes de asociacións veciñais, de persoas consumidoras, ANPAS, etc. Non se presentou a proposta ás organizacións sindicais e ás asociacións de empresas do sector do transporte.

O proxecto non foi presentado polo goberno no Parlamento. As veces que se debateu foi por iniciativa do BNG e doutros grupos da oposición. **Os cambios no sistema de transporte público xeran preocupación e alarma en moitos sectores implicados:**

- Empresas do sector, maioritariamente pequenas e medianas empresas con implantación en vilas e zonas rurais e do interior
- Traballadores e traballadoras do sector, unhas 5.000 persoas que van ver modificadas drásticamente as súas condicións laborais e salariais, ademais da perda de postos de traballo
- Comunidade escolar, polos cambios no transporte escolar
- Concellos
- Asociacións veciñais, e de persoas consumidoras

Os cambios no sistema de transporte van ter un forte impacto no tecido económico e no emprego. Terán como consecuencia un forte proceso de concentración no sector, que vai favorecer as grandes empresas, sobre todos foráneas. Cómpre ter en conta que no último ano ARRIVA, que pertence á multinacional alemá DEUSTCHE BAHN (300.000 persoas empregadas, 38.000 millóns de facturación), mercou tres empresas galegas.

Ademais, as condicións económicas dos novos contratos van supoñer o empeoramento das condicións laborais e salariais, e a perda duns 1.000 postos de traballo.

O actual sistema de liñas é consecuencia das políticas da dereita que foron facendo concesións con criterios clientelares. É un sistema obsoleto, que tiña que ter sido cambiado fai tempo mais o goberno de Feixoo optou desde 2010 por ocultar o problema e non facer nada. E desde a sentenza do TS de marzo de 2016 actuou con présas e precipitación.

O BNG considera o transporte público por estrada como un servizo fundamental para a mobilidade en amplas zonas do país. Neste sentido, o novo Plan de Transporte Público debe ser obxecto dun amplo proceso de debate, participación e acordo institucional e social.

Por todo o anterior, o grupo provincial do BNG, propón ao Pleno da corporación a aprobación do seguinte

ACORDO

Instar á Xunta de Galiza,

- a) A creación dunha mesa de diálogo e participación institucional coa implicación da administración autonómica, as deputacións provinciais e os concellos.
- b) A creación dunha mesa de diálogo e participación social na que teñan cabida cando menos
 - As organizacións sindicais representativas de traballadores e traballadoras do sector



- As asociacións representativas das empresas do sector
 - As entidades representativas das asociacións veciñais e de consumo
 - As ANPAS e outras entidades representativas da comunidade escolar
- c) A aprobación polo parlamento da proposta de Plan de Transporte Público, unha vez sometido a un amplo proceso de debate e participación social e institucional.
- d) **a paralización da chamada primeira fase do Plan e a suspensión da tramitación dos corenta e dous anteproxectos de explotación de servizos públicos de transporte regular de viaxeiros de uso xeral por estrada**

Á vista do contido da presente moción o Pleno Municipal por unanimidade dos asistentes acorda facer súa, en tódolos seus termos, ante dita moción.

E non habendo mais asuntos que tratar o Sr. Alcalde da por concluído o Pleno, sendo as vinte e dúas horas, do que se levanta a presente acta, que como Secretario, Certifico

O ALCALDE,

O SECRETARIO,